

## SOLICITUDE DE INSCRICIÓN PARA ARTE-FACTORY: DECONSTRUINDO O PATRIARCADO. ESPAZOS FEMINISTAS CONTRA AS VIOLENCIAS

Dona/Don....., con NIF número....., con  
endereço na rúa/praza.....núm....., piso....., con  
CP..... de....., e teléfono (preferentemente móbil) .....

### Obradoiros sobre violencia de xénero. 4, 6,7 e 8 de xuño.

Atenderanse as solicitudes por orde de inscrición seguindo os criterios de preferencia (sinala por orde de interese sendo 1 a primeira opción, 2 a segunda e 3 a terceira):

<input type="checkbox"/>	Obradoiro de fotografía
--------------------------	-------------------------

<input type="checkbox"/>	Obradoiro Poster-Art
--------------------------	----------------------

<input type="checkbox"/>	Performance
--------------------------	-------------

### Des-catálogo feminista: Obradoiro de creación colectiva contra as violencias. 5 de xuño.

Atenderanse as solicitudes por orde de inscrición.

<input type="checkbox"/>	Des-catálogo feminista. Publicación colaborativa
--------------------------	--

### O prazo de inscrición será do día 28 de maio ao 03 de xuño, ambos incluídos, no rexistro xeral do Concello de Ferrol.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de carácter Persoal, infórmase que os datos persoais recollidos nesta solicitude, incorporaranse a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na Lei, mediante un escrito dirixido ao Concello de Ferrol, Praza de Armas, s/n. 15401 Ferrol.

**ACEPTO EXPRESAMENTE a inclusión dos meus datos en dito ficheiro**

Ferrol, ..... de ..... de 20

Sinatura da persoa solicitante

## **ANEXO INFORMATIVO.-**

Arte-factory. Deconstruíndo o patriarcado” é un proxecto de creatividade feminista dirixido á cidadanía ferrolá, impulsado pola Concellaría de Igualdade de Ferrol no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. As súas accións buscan levar ás persoas participantes a unha factoría onde identificar a violencia de xénero\*, desmontala e descatalogala a través da reflexión e da arte.

A “Factoría creativa” está composta de tres obradoiros, nos cales reflexionar sobre o machismo e as violencias que atravesan os nosos corpos, e canalizar estas experiencias e ideas a través das artes. O acto de presentación terá lugar o martes 28 de maio as 19:00 h na Casa da Muller, presentación pública performativa no que todas as persoas que o desexen poidan compartir e amosar aqueles obxectos que representen a violencia de xénero.

Os obradoiros posteriores constarán de tres sesións:

Dúas sesións teórico - vivenciais, impartidas por **Mónica Otero e Andrea Rico**, o **martes 4 e xoves 6 de xuño, de 16:30 a 19:30h** no Antigo Hospicio Municipal.

E unha terceira sesión de práctica artística, a escoller entre tres modalidades:

### **>> Fotografía**

Cando: **Venres 7 de xuño, de 16 a 20h.**

Quen: **Mariola Mourelo.**

### **>> Poster Art**

Cando: **Sábado 8 de xuño, de 10 a 13h.**

Quen: **Estela Iglesias & Miss Hope.**

### **>> Performance**

Cando: **Sábado 8 de xuño, de 10 a 14h.**

Quen: **Marián Bañobre.**

Des-catálogo feminista

### **Publicación colaborativa**

Cando: mércores 5 de xuño, 18:00h.

Onde: Casa da Muller.

Quen: Andrea Rico Adegá

\*Inscripción previa.

O proxecto rematará cunha sesión colaborativa para a elaboración dunha publicación divulgativa que fará unha breve exposición das diferentes formas de violencias contra as mulleres.

## **Camiña Arte-Factory**

### **Roteiro para coñecer as creacións**

Cando: sábado 8 de xuño, 19h.

Onde: desde a Casa da Muller ás rúas.

Quen: Rexenerando S. Coop.

Deconstruír para construír; outro relato, outra cidade. Rematamos cun paseo no que coñecer as creacións xeradas nestas semanas de arte, colaboración e feminismo. Participantes e formadoras darán conta da súa experiencia, abrindo o proceso e compartindo os resultados.

\* Prazas limitadas, atenderase ás solicitudes por rigoroso orde de inscrición.